



O presente documento estará  
 exposto no Taboeiro de  
 Anuncios desta Deputación  
 desde o día 01 AGO 2023  
 ata a día 31 AGO 2023  
 O XEFE DA UNIDADE  
 PORTERÍA E VIXIANCIA

**DECRETO**

Tras ver a proposta que textualmente di o seguinte:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 23.09.2022, apróbanse as bases xerais, convocatoria e bases específicas que regularán o proceso selectivo para cubrir en propiedade dúas (2) prazas denominadas Vixilante-Guía Museo, unha (1) da cota xeral e unha (1) da cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo C – subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación de Lugo, acceso libre, mediante o sistema de concurso, incluídas na OEP do ano 2022 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal -disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro). As ditas bases e convocatoria fixéronse públicas no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo núm. 241, do 21.10.2022, no DOG núm. 216, do 14.11.2022 e no BOE núm. 279, do 21.11.2022.

A base xeral 12.2 sinala que *“as persoas aspirantes non propostas polo Tribunal para ocupar as prazas que se convocan, que alcancen ou superen a puntuación mínima de 15 puntos, propoñeranse para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo reguladas ao abeiro dos criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais á Deputación Provincial de Lugo, aprobados por resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), así como para o establecido na base xeral 12.1 parágrafo 3.”*

O Tribunal en sesión de data 12.05.2023 elabora a proposta das persoas aspirantes que, sen ser seleccionadas, alcanzaron ou superaron a puntuación mínima fixada na base xeral 10 para superar o concurso (15 puntos), para a súa inclusión nas listaxes de emprego temporal da Deputación de Lugo. Esta proposta foi publicada na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade o día 12.05.2023.

Á vista de todo o sinalado, propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección dos funcionarios da Administración Local, e co establecido na base xeral 12.2 da convocatoria resolva:

1º.- Crear, ou no seu caso incorporar, ás persoas aspirantes propostas polo Tribunal que a continuación se relacionan, na listaxe de emprego temporal da praza/posto/emprego de Vixilante-Guía Museo, ao obxecto de atender as necesidades deste tipo de persoal cando existan razóns suficientemente xustificadas de necesidade e urxencia.

| Nº orde lista | Apelidos e nome                            | Cualificación final |
|---------------|--|---------------------|
| 1             | Crecente García, María José (cota reserva) | 20,000              |
| 2             | Velasco García, Jesús (cota xeral)         | 20,000              |
| 3             | Álvarez Vergara, Alba María (cota xeral)   | 20,000              |

|                     |   |              |                     |
|---------------------|---|--------------|---------------------|
|                     | IV7PUMJ6NY5PVJBN6RAGGUYTCU  | Fecha y Hora | 31/07/2023 12:05:55 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | ALEJANDRO MASEDA MALLO  |              |                     |
| Firmado por         | PABLO RIVERA CAPÓN  |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PUMJ6NY5PVJBN6RAGGUYTCU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PUMJ6NY5PVJBN6RAGGUYTCU</a>   | Página       | 1/2                 |



2º.- Que a incorporación na listaxe se realice conforme aos criterios aprobados por resolucións da presidencia do 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 39, do 15.02.2019).

3º.- A dita listaxe terá vixencia dende a data de aprobación da presente proposta, publicándose na páxina web e no taboleiro de anuncios da entidade.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.


**O PRESIDENTE,**  
P.D. Decreto de data 04-07-2023  
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO**  
**P.S. O SECRETARIO-INTERVENTOR,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará  
exposto no Taboeiro de  
Anuncios desta Deputación  
desde o día 31 AGO. 2023  
ata a día 31 AGO. 2023  
**O XEFE DA UNIDADE  
PORTERÍA E VIXIANCIA**



|                     |   |              |                     |   |
|---------------------|---|--------------|---------------------|---|
|                     | IV7PUMJ6NY5PVJBN6RAGGUYTECU   | Fecha y Hora | 31/07/2023 12:05:55 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |   |
| Firmado por         | ALEJANDRO MASEDA MALLO  |              |                     |   |
| Firmado por         | PABLO RIVERA CAPÓN  |              |                     |   |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PUMJ6NY5PVJBN6RAGGUYTECU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7PUMJ6NY5PVJBN6RAGGUYTECU</a> | Página       | 2/2                 |   |